

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

Yolanda Díaz Pérez, deputada do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión**, relativa ao convenio asinado entre a Autoridade Portuaria da Coruña e Repsol.

Unha das máis importantes operacións económicas polo seu impacto industrial e urbanístico e polas súas repercusións en materia de seguridade e saúde pública para a zona metropolitana da Coruña a constitúe o acordo asinado entre a a Autoridade Portuaria de A Coruña (APAC) e a empresa Repsol Petróleo S.A. para o traslado de parte das súas instalacións industriais radicadas no porto interior da Coruña cara o porto exterior.

O acordo asinouuse con data de 14 de outubro do 2013 e dende entón restan pendentes unha morea de cuestións que afectan á seguridade e á saúde pública da cidadanía, outrosí de importantes aspectos urbanísticos e de recuperación ambiental merecentes de seren clarexados polos responsables públicos. Non menor foi a aireada negativa dos asinantes a facer públicos os anexos do acordo.

Responsables públicos agochados neste acordo asinado entre a APAC e unha empresa privada sen que participen de xeito directo nin o concello da Coruña nin a Xunta; absentismo que reflicte unha curiosa maneira de velar polo interese xeral. Non se fan os acordos que atenden ao interese xeral, que implican decisións importantes para o urbanismo dunha cidade que non se entende sen a súa relación co mar, ou respecto das condicións de saúde pública e seguridade que supoñen as instalacións industriais, dende as institucións públicas democráticas como cumpriría; fanse dende un ente non elixido pola cidadanía e de cuxos debates e intereses apenas nada se sabe. Ente no que si hai 4 representantes da Xunta e dous do concello da Coruña: participación indirecta e reservada sobre os intereses públicos directos da cidadanía.

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Ten coñecemento a Xunta de Galicia, e de ser así cal é o contido completo do acta do consello de administración da APAC celebrado o día 2 de agosto do 2013?
- Coñece e vai a Xunta de Galicia facer públicos a ducia de anexos do acordo asinado entre a APAC e Repsol Petróleo S.A.?
- Vai realizar a Xunta as xestións oportunas para que se realice de contado unha auditoría independente sobre os custos de indemnización recoñecidos no acordo?
- De non se cumprir a operatividade mínima do 85% que establece as ROM 2.0-11 para graneis líquidos en que termos resta o conxunto de acordos e, en particular, os indemnizatorios?
- Contempla realizar a Xunta de Galicia actuacións que obriguen a empresa a remediar o solo desocupado en canto cese a actividade, sen adiar esta descontaminación que evite filtracións a acuíferos a que cese toda a actividade na totalidade da parcela concesionada?
- Como se explica a ausencia do concello e da Xunta neste acordo cando cuestións de planeamento urbanístico, de desenvolvemento industrial, e atinxentes á seguridade e á saúde pública, outrosí de actuacións varias (caso das posibles expropiacións) impoñen a súa participación?
- Que persoas integran a comisión mixta de seguimento e control? Que xuntanzas tivo esta comisión e que acordos adoptou?
- Que vai ser do resto das instalacións que Repsol Petróleo S.A. manterá no porto interior?
- Que actuacións administrativas realizáronse diante da Xunta polos asinantes para dar cumprimento os contidos do acordo asinado o 14 de outubro do 2013?
- Cal é a previsión que manexa a Xunta para completar os accesos terrestres e ferroviarios ao porto exterior da Coruña?

En Compostela, 5 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 05/02/2015 09:29:29